

## ***VI. CLÁSICOS GRECO-LATINOS TRADUCIDOS***

### **VI.1. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS**

**Gaio Xulio César**, *A guerra da Galia*, trad. Alfonso Blanco Quintela, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, n.º 371, 2019, 370 pp. (ISBN: 84-8487-444-7).

Tradución de *De bello Galico*, obra principal de Gaio Xulio César que narra a conquista da Galia de primeira man. Comeza cunha síntese da biografía deste persoeiro romano, seguida de explicacións sobre o exército, a Galia e a propia obra. Sinala tamén que o texto latino no que se basea a tradución corresponde á edición de René du Pontet de 1900. Deseguido, ábrese oito libros. O primeiro expón as xustificacións da conquista e fai un percorrido polo mapa. O segundo trata a loita contra os belgas; o terceiro, contra os vénetos e outros pobos; e o cuarto, contra os xermanos usípetes e os tenteros. No quinto, describe a incursión na Britania. O sexto prosegue coa pacificación de diversos pobos galos. O sétimo, entre outras cousas, nomea algúns enfrontamentos con líderes galos. Finalmente, o libro oitavo, escrito por Aulo Hircio, presenta o remate da guerra e os derradeiros rebeldes.

#### **Recensións:**

- Xosé Feixó, “Admirable labor. Relendo un clásico universal”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 725, “Libros”, 26 setembro 2019, p. VI.

Amosa a súa lelicia por ter vertido ao galego o libro que máis veces leu na súa vida e salienta que, probablemente, sexa tamén un dos libros máis lidos pola humanidade. Dá os parabéns á editora e ao tradutor, anotador e introdutor polo seu admirábel labor e convida encarecidamente á lectura deste clásico.

#### **Referencias varias:**

- R. L., “A Guerra da Galia”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, n.º 189, 23 xuño 2019, p. 4.

Explica que a obra, concibida como un relato de campaña, relata a conquista de Galia e que procura fornecer a historiadores posteriores e actuar como propaganda da figura de César na opinión pública da antiga Roma. Canto á pegada do libro, salienta a pegada que tivo xa dende o Renacemento.

## **VI.2. PUBLICACIONES EN REVISTAS**

Este año non se conseguiu información impresa para este apartado. Agradécese a colaboración enviando achegas.

### **VI.3. PUBLICACIONES EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIONES**

Este ano non se conseguiu información impresa para este apartado. Agradécese a colaboración enviando achegas.

## VI.4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

**Martín**, Jesús Ricardo, “El latín sigue vivo y coleando”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 9 xullo 2019, p. 12.

Empeza afirmando que as linguas nin nacen nin morren: evolucionan, e que o latín e o grego clásico non son, en absoluto, linguas mortas, xa que agora mesmo estamos a falar o ‘latín de Cicerón’ con algúns fonemas distintos ou evolucionados. Por tanto está a afirmar que o latín segue vivo, en maior ou menor importancia, mentres nos expresamos nas linguas ‘románicas’. Así mesmo matiza que non podemos quedarnos só coas influencias no lingüístico, senón que debemos analizar o seu influxo en áreas como a literatura e a cultura, xa que a herdanza grecolatina é o pilar fundamental da cultura occidental. A este respecto fala das influencias que Horacio e Ovidio tiveron en Rosalía de Castro.

## **VI.5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS**

Este ano non se conseguiu información impresa para este apartado. Agradécese a colaboración enviando achegas.

## **VI.6. PUBLICACIONES EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIONES E ESCRITOS VARIOS**

Este ano non se conseguiu información impresa para este apartado. Agradécese a colaboración enviando achegas.